

**PROXECTO DE DECRETO __/2017, POLO QUE SE DESENVOLVE O
TÍTULO II DA LEI 6/2012, DO 19 DE XUÑO, DE XUVENTUDE DE GALICIA**

Índice sistemático

PREÁMBULO.....	4
TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	7
Artigo 1. Obxecto.....	7
Artigo 2. Declaración responsable.....	7
TÍTULO I . DOS SERVIZOS Á XUVENTUDE.....	9
CAPÍTULO I. DA INFORMACIÓN XUVENIL.....	9
Artigo 3. Dos servizos de información xuvenil.....	10
Artigo 4. As oficinas locais de información xuvenil.....	11
Artigo 5. Puntos de información xuvenil.....	12
Artigo 6. Infraestrutura dos puntos de información xuvenil.....	12
Artigo 7. Oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude.....	13
Artigo 8. A Rede Galega de Centros de Xuventude. Espazo Xove.....	13
Artigo 9. A Rede Galega de Información Xuvenil.....	15
Artigo 10. Procedemento de integración na Rede Galega de Información Xuvenil.....	16
Artigo 11. Do informador ou informadora xuvenil.....	17
Artigo 12. Do técnico ou técnica en xuventude.....	17
CAPITULO II . DA FORMACIÓN DA XUVENTUDE.....	18
Sección 1ª. Escolas de tempo libre.....	18
Artigo 13. Comunicación do inicio da actividade.....	18
Artigo 14. Requisitos docentes das escolas de tempo libre.....	20
Artigo 15. Obrigas de carácter administrativo das escolas de tempo libre.....	21
Sección 2ª. Modalidades de ensinanza.....	22
Artigo 16. Modalidades de ensinanza.....	22
Artigo 17. Curso de monitor/a de actividades de tempo libre.....	22
Artigo 18. Curso de director/a de actividades de tempo libre.....	24
Artigo 19. Curso de director/a de campos de traballo.....	27
Artigo 20. Requisitos de acceso aos cursos de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre e de campos de traballo.....	28
Artigo 21. Procedemento de avaliación.....	29
Sección 3ª. Expedición de títulos.....	30
Artigo 22. Expedición de títulos acreditativos.....	30
Artigo 23. Titulacións válidas para a consideración de profesionais da educación no tempo libre.....	31
Artigo 24. Unidade de mercado.....	32
Artigo 25. Convalidación de estudos para lograr o título de director/a.....	32

CAPITULO III. DAS ACTIVIDADES XUVENÍS.....	33
Artigo 26. Definición de actividades xuvenís.....	33
Artigo 27. Actividades xuvenís de educación no tempo libre.....	33
Artigo 28. Requisitos de persoal para o desenvolvemento das actividades xuvenís ao aire libre	35
Artigo 29. Obrigas do responsable das actividades xuvenís ao aire libre.....	36
Artigo 30. Requisitos para o inicio de actividades xuvenís.....	38
Artigo 31. Seguro de responsabilidade civil.....	41
Artigo 32. Normas de carácter sanitario.....	42
CAPÍTULO IV INSTALACIÓNS XUVENIS.....	45
Sección 1ª. Disposición Comúns.....	45
Artigo 33. Características e fins das instalacións xuvenís.....	45
Artigo 34. Distintivo identificativo.....	46
Sección 2ª Tipoloxía de instalacións xuvenís.....	46
Artigo 35. Albergues xuvenís.....	46
Artigo 36. Campamentos xuvenís.....	47
Artigo 37. Granxas escola ou aulas de natureza.....	47
Artigo 38. Residencias xuvenís.....	47
Artigo 39. Centros de xuventude integrados na Rede Galega de Centros de Xuventude.....	47
Sección 3ª Requirimentos das instalacións xuvenís.....	48
Subsección 1ª Requirimentos comúns.....	48
Artigo 40. Persoal das instalacións xuvenís.....	48
Artigo 41. Condicións técnicas comúns para as instalacións xuvenís.....	48
Artigo 42. Subministración de auga.....	50
Artigo 43. Seguro de responsabilidade civil.....	51
Artigo 44. Rexistro de visitas e follas de reclamacións.....	51
Artigo 45. Distribución das instalacións xuvenís.....	52
Artigo 46. Comedor.....	53
Artigo 47. Servizos sanitarios.....	54
Artigo 48. Sala de actividades.....	55
Artigo 49. Dormitorios.....	55
Artigo 50. Sala de actividades.....	57
Artigo 51. Instalacións para lavar e tender a roupa.....	57
Artigo 52. Enfermería.....	58
Artigo 53. Espazos complementarios.....	58
Subsección 2ª Requirimentos específicos.....	58
Artigo 54. Condicións técnicas específicas para albergues xuvenís.....	58
Artigo 55. Condicións técnicas específicas para residencias xuvenís.....	59
Artigo 56. Condicións técnicas específicas para granxas escola e aulas da natureza.....	61
Sección 4ª Posta en servizo de instalacións xuvenís.....	62
Artigo 57. Inicio de actividade das instalacións xuvenís.....	62
Artigo 58. Modificación substancial das instalacións xuvenís.....	65
Artigo 59. Control e inspección das instalacións xuvenís.....	65
Sección 5ª Dereitos e deberes das persoas usuarias de instalacións xuvenís.....	66
Artigo 60. Concepto de usuario de instalacións xuvenís.....	66
Artigo 61. Dereitos dos usuarios.....	67
Artigo 62. Deberes dos usuarios.....	67

Artigo 63. Restricións ao dereito de uso.....	68
Artigo 64.Documentación á disposición dos usuarios.....	68
Sección 6ª Rede de Albergues Xuvenís de Galicia (RAXG).....	69
Artigo 65. Rede de Albergues Xuvenís de Galicia.....	69
Artigo 66. Declaración responsable da RAXG.....	70
Artigo 67. Inscricións a organizacións interrexionais e internacionais.....	70
CAPITULO V. DOS CARNÉS DE SERVIZOS Á XUVENTUDE.....	71
Artigo 68. Carnés de servizos á xuventude.....	71
Artigo 69. Carné xove.....	71
Artigo 70. Xestión.....	71
Artigo 71. Expedición.....	72
Disposición Transitoria Primeira. Condición de informador/a xuvenil e de técnico/a en xuventude.....	74
Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.....	74
Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.....	74
Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.....	75

PREÁMBULO

Coa aprobación da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, a nosa Comunidade Autónoma saldou unha débeda histórica coa sociedade en xeral, pero especialmente coa mocidade, que merecía ter unha norma con rango legal dedicada especificamente a tratar os problemas e inxedanzas máis comúns da nosa xuventude. Sen embargo, esta aprobación constitúe soamente os cimentos sobre os que se debe construír un verdadeiro corpus normativo en materia de xuventude pola súa importancia transversal no resto de políticas públicas que se executan polas Administracións Públicas galegas.

Neste sentido, o compromiso do goberno galego de seguir afondando na solución das cuestións máis relevantes para a mocidade galega, plásmase agora na aprobación deste Decreto, que pretende desenvolver dun xeito integral todas as materias relevantes para a mocidade, sen que estas queden en papel mollado.

Este regulamento de desenvolvemento do Título II da Lei de xuventude de Galicia centrase nos servizos que se prestan á xuventude, regulando así a información á xuventude, a través da Rede de Información Xuvenil, a formación a través das escolas de tempo libre, as actividades e instalacións xuvenís, así como o carné xove.

No eido da formación, o presente regulamento recolle os cambios producidos no sistema de formación profesional para o emprego, recollendo os certificados de profesionalidade, que son regulados polo Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro.

A Constitución Española, no se artigo 48, sinala que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.19 que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas materias de fomento da cultura en Galicia, no artigo 27.22 a promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio, e no artigo 27.24 a promoción do desenvolvemento comunitario.

Por outra banda, o Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, procede a realizar o traspaso das funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, a dirección e xestión e, de ser o caso, a titularidade das instalacións comprendidas na rede nacional de albergues xuvenís, residencias xuvenís, campamentos e campos de traballo. Estas competencias foron asumidas polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no eido da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Actualmente existe a necesidade dun regulamento que desenvolva a Lei 6/2012, de Xuventude de Galicia, xa que establece un fito na regulación en materia de xuventude na nosa Comunidade Autónoma, que compre agora desenvolver.

Ademais, existen tamén dous Decretos anteriores á Lei de Xuventude de Galicia, a saber, o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, que refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, e o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior Decreto 50/2000, que conteñen a regulación de desenvolvemento na actualidade, e que compre unificar nun único texto novo adaptado ás disposicións da Lei de xuventude de Galicia.

Este proceso de unificar a normativa dispersa iniciouse co do Decreto 50/2000, que como sinala o seu título, refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. Agora débese continuar con esta racionalización, que dea seguridade xurídica e desenvolva as novidades previstas na Lei de Xuventude de Galicia.

Sistematicamente o Decreto se articula en XXX títulos,

A disposición derradeira primeira da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, habilita expresamente á Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido na dita lei.

Por todo o exposto, por proposta da conselleira de Política Social, no uso das atribucións que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xxxxxx,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, regulando os servizos á xuventude no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Concretamente se regula:

- a) A información xuvenil
- b) A formación da xuventude
- c) As actividades xuvenís
- d) As instalacións xuvenís
- e) Os carnés da xuventude

Artigo 2. Declaración responsable

1. A prestación de servizos á xuventude, cando así se prevea neste regulamento, requirirá a comunicación ao órgano directivo competente en materia de Xuventude da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dunha declaración responsable de inicio de actividade.

2. A declaración responsable de inicio de actividade constitúe un documento suscrito pola persoa prestadora do servizo, de acordo cos modelos normalizados que figuran nos anexos deste decreto, no cal declara baixo a súa responsabilidade:

- a) Que dispón da totalidade da documentación exigida para o servizo que vai prestar, especificada no artigo correspondente deste decreto, en función da natureza do servizo.
- b) Que, en función da natureza do servizo que vai prestar, cumpre coa totalidade dos requisitos e obrigas exigidos nos capítulos deste decreto para ese servizo.

- c) Que se compromete a manter o cumprimento dos requisitos durante a vixencia da actividade.

3. A declaración responsable se comunicará cunha antelación mínima de 15 días ao inicio da actividade, e se acompañará á mesma a documentación que se esixa para cada servizo segundo o establecido neste regulamento.

4. A declaración responsable non precisa dunha resolución do procedemento de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

5. De producirse un cambio na titularidade do servizo, a nova persoa titular deberá subscribir unha nova declaración responsable co mesmo contido que se detalla no punto segundo deste artigo. Esta nova declaración deberá presentarse nun prazo non superior a quince días dende que se produza o cambio de titularidade.

6. A presentación da declaración responsable habilitará, para os efectos previstos neste decreto e sen prexuízo doutras exixencias legais, para o exercicio da actividade unha vez transcorrido o prazo de 15 días establecido no parágrafo terceiro deste artigo, e terá carácter indefinido sen prexuízo do establecido no parágrafo 8.

7. A presentación da declaración responsable non exime do cumprimento da lexislación sectorial aplicable.

8. A declaración responsable poderá presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

9. O órgano directivo competente en materia de xuventude poderá requirir en calquera momento á persoa que presentou a declaración responsable, documentación complementaria que acredite os extremos do declarado, no exercicio das facultades de inspección e de control que lle corresponden.

10. Logo de presentar a declaración responsable, os órganos territoriais dependentes da consellería competente en materia de xuventude correspondentes procederán á súa verificación. A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial na documentación de que debe dispoñer e á que se refire a declaración responsable ou o incumprimento dos requisitos exixidos para a actividade de que se trate segundo o establecido no presente decreto, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

O órgano territorial poñerá estes feitos en coñecemento do órgano directivo competente en materia de Xuventude que, á vista do informe presentado, poderá abrir un expediente informativo ao titular da instalación, que terá un prazo de 10 días para facer as alegacións e fornecer os elementos de xuízo que considere oportunos. Unha vez recibidos estes, o órgano directivo competente en materia de Xuventude poderá ordenar, mediante resolución motivada, o cesamento da actividade, temporal ou definitivamente, á vista do carácter e natureza esencial da documentación de que debe dispoñer e que é obxecto de falsidade, inexistencia ou inexactitude e do incumprimento dos requisitos exixidos para a actividade de que se trate.

Contra a citada resolución a persoa prestadora poderá interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da consellería competente en materia de xuventude.

TÍTULO I . DOS SERVIZOS Á XUVENTUDE

CAPÍTULO I. DA INFORMACIÓN XUVENIL

Artigo 3. Dos servizos de información xuvenil

1. A efectos deste regulamento, terán a condición de servizos de información xuvenil aqueles que sexan promovidos por persoas físicas ou xurídicas mediante iniciativas públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, e teñan por

obxecto o exercicio de actividades de carácter informativo dirixidas á xuventude e prestadas directamente ao público.

2. A información que elaboren e proporcionen os servizos de información xuvenil abranguerá todos os aspectos que afecten directamente aos mozos e mozas ou aqueles que sexan do seu interese, aínda que poderán constituírse servizos especializados en materias concretas, sen que isto implique que prescindan dos restantes aspectos de información.

3. Os servizos de información xuvenil poderán ter denominación propia, sen prexuízo de que esta deberá estar sempre acompañada do nome xenérico de oficinas ou puntos de información xuvenil, manifestando o seu carácter informativo e xuvenil.

4. Son servizos de información xuvenil os seguintes:

- a) O Centro coordinador de información xuvenil
- b) As Oficinas locais de información xuvenil
- c) Os Puntos de información xuvenil
- d) As Oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude
- e) A Rede Galega de Centros de Xuventude. Espazo Xove

Todos eles conforman a Rede Galega de Información Xuvenil.

5. Os servizos de información xuvenil deberán exhibir no exterior das súas dependencias o logotipo que figura no anexo **XX** do presente Regulamento, onde figurará tamén o número de inscrición na sección de entidades integrantes da Rede Galega de Información Xuvenil do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

Ademais, os servizos de información xuvenil dependentes do órgano competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia, exhibirán tamén a súa condición de servizos da Xunta de Galicia.

Artigo 4. As oficinas locais de información xuvenil

1. As oficinas locais de información xuvenil son estruturas informativas de carácter público e local, que prestan servizos de información aos mozos e mozas do seu ámbito territorial, ben directamente, ben a través de puntos locais de información xuvenil a elas vinculados.

2. As oficinas locais poderán ter ámbito territorial municipal ou supramunicipal, e estarán adscritas a algunha das entidades locais descritas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

3. As oficinas locais de información xuvenil contarán como mínimo con:

- a) Un local axeitado de uso exclusivo ou separado doutros servizos da entidade local, que facilite a atención adecuada do mozo/a que demande información, orientación ou asesoramento, permitindo tamén levar a cabo a organización do traballo e a elaboración dos materiais de consulta.
- b) Un horario de atención á xuventude en consonancia coa demanda da oficina, que estará exposto nun lugar visible ao público.
- c) Un plan de actividades de dinamización da información.
- d) Un cadro de persoal proporcionado ao volume dos servizos que presta e ao número de usuarios. O responsable da oficina debe posuír a titulación requirida para ser informador xuvenil ou técnico de xuventude.
- e) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispoñer, como mínimo, do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.

4. As oficinas locais poderán ter, na propia oficina ou en lugares diferentes, espazos de autoconsulta que faciliten o acceso directo dos mozos e mozas á información que lles poida interesar.

5. As oficinas locais de información xuvenil poderán contar con asesorías especializadas, sempre que dispoñan de persoal cunha formación suficiente para o desenvolvemento dos ditos servizos.

Artigo 5. Puntos de información xuvenil

1. Os puntos de información xuvenil son servizos de información xuvenil que poñen directamente á disposición da mocidade materiais informativos, subministrados principalmente polo centro coordinador de información xuvenil ou polas oficinas locais de información xuvenil.
2. Os puntos de información xuvenil poden ser promovidos por persoas físicas ou xurídicas, xa sexan públicas ou privadas sen ánimo de lucro, tendo por obxecto o exercicio de actividades de carácter informativo dirixidas á xuventude e prestadas directamente ao público.
3. En núcleos dispersos de poboación, poderán existir puntos de información xuvenil dependentes das oficinas locais de información xuvenil.

Artigo 6. Infraestrutura dos puntos de información xuvenil

1. Os puntos de información xuvenil contarán como mínimo con:
 - a) Un local que permita albergar o material, soportes de consulta e atender ao público.
 - b) Un horario de atención á mocidade consoante coa demanda e que estará exhibido ao público.
 - c) Un plan de actividades de dinamización da información.
 - d) Un cadro de persoal proporcionado ó volume dos servizos que se prestan e ó número de usuarios. En todo caso, o/a responsable do punto terá a condición de informador/a xuvenil.
 - e) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispoñer como mínimo do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.
2. Ademais, poderán ter espazos de autoconsulta que faciliten o acceso directo dos mozos e mozas á información que lles poida interesar.

Artigo 7. Oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude

1. As oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude son estruturas informativas de carácter especializado en función do tipo de mozos destinatarios ou da temática a tratar, e nas que o persoal posúe coñecementos técnicos específicos.

2. O órgano de dirección competente en materia de xuventude poderá crear servizos propios de orientación e asesoramento especializado nas áreas de xuventude que se consideren necesarias en cada momento.

3. As oficinas especializadas poden estar integradas nas oficinas locais de información xuvenil como asesorías especializadas naquelas temáticas demandadas pola mocidade, entre outras, as relativas a emprego, saúde, sexualidade, educación, xurídica, ou calquera outra de interese para a mocidade e que se necesiten profesionais especializados nesas materias.

Artigo 8. A Rede Galega de Centros de Xuventude. Espazo Xove

1. A Rede Galega de Centros de Xuventude está composta polos Espazos Xove, que son equipamentos propios da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, adscritos á consellería competente en materia de xuventude, que ofrecen os seguintes servizos:

- a) Información xuvenil en diferentes ámbitos, entre outros; lecer, voluntariado, emocional, prácticas de vida saudable, comunicación e redes sociais.
- b) Orientación e asesoramento á mocidade sobre os recursos, plans e programas que promove a Xunta de Galicia, así como outras institucións e organismos públicos tanto estatais como europeos en materia de xuventude.

- c) Organización de actividades de animación sociocultural e de educación non formal, facilitando a convivencia e a participación da mocidade nas actividades e programas que organice o propio centro, o órgano de dirección competente en materia de xuventude, ou as asociacións xuvenís e os grupos informais.
- d) Apoio e fomento do asociacionismo.

2. Os Espazos Xove contarán como mínimo con:

- a) Un local axeitado de uso exclusivo ou separado doutros servizos, que facilite a atención adecuada do mozo/a que demande información, orientación ou asesoramento, permitindo tamén levar a cabo a organización do traballo e a elaboración dos materiais de consulta.
- b) Un horario de atención á xuventude en consonancia coa demanda da oficina, que estará exposto nun lugar visible ao público.
- c) Un plan de actividades de dinamización da información.
- d) Un cadro de persoal proporcionado ao volume dos servizos que presta e ao número de usuarios. O responsable da Espazo Xove debe ter a condición de informador xuvenil ou técnico de xuventude.
- e) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispoñer, como mínimo, do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.

Artigo 9. A Rede Galega de Información Xuvenil

1. A Rede Galega de Información Xuvenil é un servizo público e gratuíto, dependente do órgano directivo competente en materia de xuventude, estruturado territorialmente, que articula e coordina as iniciativas promovidas polos servizos de información xuvenil, xa sexan promovidos por entidades públicas ou privadas.

2. A Rede Galega de Información Xuvenil canaliza toda a información destinada á mocidade, e dos diferentes servizos de información á xuventude, a través do Centro Coordinador de Información Xuvenil.

3. Son obxectivos da Rede Galega de Información Xuvenil os seguintes:
- a) Asegurar que as prestacións dos servizos de información xuvenil se desenvolvan en condicións de eficacia, calidade e igualdade. A estes efectos velará polo cumprimento das condicións de apertura e funcionamento dos servizos de información xuvenil da Rede.
 - b) Colaborar con outros organismos de natureza análoga de ámbito nacional, europeo e internacional.
 - c) Garantir a difusión da información xuvenil de xeito amplo e actualizado en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - d) Favorecer a implantación dos mecanismos para que a información, a orientación e o asesoramento á xuventude se baseen nos principios da Carta Eryica, garantindo a igualdade, independencia, calidade e atención persoal á xuventude, respectando a confidencialidade e o anonimato da persoa usuaria e posibilitando a igualdade de oportunidades.
 - e) Promover a máxima difusión de información a través das tecnoloxías da información e comunicación (TICs), especialmente a través de internet e das súas redes sociais.
 - f) Informar á mocidade daquelas outras iniciativas culturais, educativas, laborais, deportivas e sanitarias ofertadas a toda a poboación, como principio de integración na comunidade e avogando polos principios reitores de transversalidade e coordinación.

Artigo 10. Procedemento de integración na Rede Galega de Información Xuvenil

1. Os servizos de información xuvenil de titularidade pública quedan integrados de xeito automático á Rede Galega de Información Xuvenil.

2. Os servizos de información xuvenil de titularidade privada deberán presentar unha declaración responsable ante o órgano directivo competente en materia de xuventude, con carácter previo ao inicio da actividade de información, de conformidade co establecido no artigo 2 deste regulamento.

3. Xunto coa declaración responsable, a persoa representante do servizo de información xuvenil deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Unha memoria que recolla a conveniencia da creación do servizo de información xuvenil no ámbito territorial no que se vai desenvolver a actividade, a infraestrutura e medios humanos de que dispón, especificando as titulacións e características da relación laboral, o orzamento anual e as previsións do seu financiamento e o plan de actividades de dinamización da información que se desenvolverán desde o servizo.
- b) No caso de persoas xurídica, o certificado do órgano competente segundo os seus Estatutos conforme quen presenta a solicitude e o órgano competente e que o órgano decisorio da entidade decidiu a integración na Rede.

4. Recibida a declaración responsable, xunto coa documentación mencionada, o Rexistro de Entidades Xuvenís comprobará que cumpre coa normativa vixente. De ser o caso, procederá a súa inscrición na sección de servizos de información xuvenil do Rexistro de Entidades Xuvenís, pasando a integrarse na Rede Galega de Información Xuvenil.

Esta circunstancia será notificada ao interesado no prazo de 10 días desde que se produza a dita inscrición.

5. A integración na Rede Galega de Información Xuvenil será imprescindible para ter acceso á Rede Nacional e Internacional de Información e Documentación Xuvenil.

6. O órgano de dirección competente en materia de xuventude orientará e realizará un seguimento do funcionamento dos servizos de información xuvenil integrados na Rede a través dos servizos de xuventude da xefatura territorial correspondente

Artigo 11. Do informador ou informadora xuvenil

1. O informador ou informadora xuvenil será a persoa que organice e xestione servizos de información para a xuventude, que respondan aos intereses e necesidades deste sector da poboación, desenvolvendo accións de información, orientación e dinamización e promovendo actividades sociais e educativas no marco da educación non formal orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral da xuventude como cidadáns no contexto dunha sociedade democrática.

2. Terán á condición de informador ou informadora xuvenil, as persoas que estean en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- a) Certificado de profesionalidade de información xuvenil
- b) Título de Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística.

Artigo 12. Do técnico ou técnica en xuventude

1. O técnico ou técnica en xuventude será o ou a profesional que oriente e asesore en materia xeral ou especializada en mocidade e planifique actuacións nesta materia, Tamén promoverá actividades sociais, culturais e educativas orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades ou o desenvolvemento integral da xuventude.

2. Terán á condición de técnico ou técnica en xuventude, as persoas que estean en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- a) Título de grao, máster ou doutor en Xuventude e sociedade ou equivalente.
- b) Título de grao, máster ou doutor e posúan a formación específica de “Curso de Especialista en Mocidade”.

CAPITULO II . DA FORMACIÓN DA XUVENTUDE

Sección 1ª. Escolas de tempo libre

Artigo 13. Comunicación do inicio da actividade

1. Toda persoa física ou xurídica que queira iniciar a prestación de servizos de formación como escola de tempo libre, deberá comunicar ao órgano directivo competente en materia de xuventude unha declaración responsable previa ao inicio da actividade, segundo o establecido no artigo 2 deste regulamento.

2. Deberá acompañar á declaración responsable a seguinte documentación:

- a) Acreditación da titularidade do centro.
- b) Proxecto educativo e sistema educativo da escola, con especificación das modalidades de ensinanzas que se vaian impartir.
- c) Descrición detallada dos medios materiais e educativos de que disporá.

A este respecto, todas as escolas de tempo libre deberán contar cun local que, como mínimo, disporá dos seguintes espazos diferenciados: espazo de atención ao público, aula, espazo específico de arquivo e sala de reunións para o profesorado.

A aula de xestión terá unha superficie mínima para 15 alumnos de 45 m², e para 25 alumnos de 60 m², e contará co seguinte equipamento:

- i. Equipos audiovisuais
- ii. PCs instalados en rede, canón de proxección e internet
- iii. Software específico da especialidade
- iv. Pizarras para escribir con rotulador
- v. Rotafolios
- vi. Material de aula
- vii. Mesa e cadeira para formador
- viii. Mesas e cadeira para alumnos

A aula taller de técnicas de expresión e animación terá unha superficie mínima para 15 alumnos de 60 m², e para 25 alumnos de 90 m², e contará co seguinte equipamento:

- i. Material para expresión plástica, musical, corporal-teatral.
- ii. Material de expresión audio-visual e recursos informáticos
- iii. Material para o desenvolvemento de xogos e técnicas de animación.
- iv. Material para actividades físico-deportivas

- v. Material de acampada, excursionismo e apoio a educación ambiental.
 - vi. Equipos audiovisuais
 - vii. Rotafolio ou pizarra para escribir con rotuladores
- d) Os programas específicos do centro para os diferentes niveis que se pretenden impartir, de acordo cos contidos establecidos neste decreto.
- e) Acreditación suficiente de que o director ou directora e o profesorado posúen as titulacións exixidas neste decreto.
- f) Xustificación e documentación acreditativa das posibilidades de realización da fase de prácticas que a escola de tempo libre lle ofrecerá a todo o seu alumnado.
- g) Documento acreditativo do pagamento da taxa correspondente.
- h) Estatutos, de ser o caso, da escola de tempo libre que conterán, como mínimo, os seguintes datos:
- i. Denominación da escola de tempo libre, que non poderá coincidir nin ser similar con outras xa inscritas na sección de escolas de tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.
 - ii. Fins e actividades
 - iii. Domicilio social.
 - iv. Órganos de dirección, goberno e administración.
 - v. Ámbito territorial en que desenvolverá as súas actividades.
 - vi. Réxime económico, con determinación da procedencia e destino dos seus recursos económicos.
 - vii. Entidade ou persoa titular da escola de tempo libre
 - viii. Mecanismos de disolución da escola de tempo libre, que en todo caso deben contemplar o compromiso de concluír os procesos formativos iniciados ou trasladar os mesmos a outras escolas, previa aceptación destas, salvo renuncia expresa del alumno.

Artigo 14. Requisitos docentes das escolas de tempo libre

1. O número de alumnos máximo por curso será de 25.
2. As escolas de tempo libre deberán determinar os criterios e requisitos previos de selección do alumnado.

3. Á fronte de cada escola de tempo libre existirá un director, que terá a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a de actividades ao aire libre.

4. Así mesmo, en cada escola existirá un profesor coordinador por cada un dos niveis de ensino que se impartan, que coordinará a acción docente dos profesores. Os profesores coordinadores deberán ter a mesma consideración de profesional da educación no tempo libre que o director/a.

Artigo 15. Obrigas de carácter administrativo das escolas de tempo libre

1. As escolas de tempo libre remitirán ao órgano competente en materia de Xuventude, no mes de xaneiro de cada ano:

- a) Memoria detallada de actividades do ano anterior.
- b) Programa de actividades do ano en curso.
- c) Relación de profesores e as súas respectivas titulacións.
- d) Calquera modificación dos datos que figuren na sección de Escolas de Tempo Libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

2. As escolas de tempo libre comunicarán ao órgano directivo competente en materia de Xuventude, con polo menos quince días de antelación, o lugar e data dos cursos que se van impartir.

3. As escolas de tempo libre deberán mostrar nun lugar visible ao público o número de rexistro na sección de Escolas de Tempo Libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

4. O incumprimento do disposto nesta sección poderá dar lugar á perda da eficacia da declaración responsable para o inicio de actividade da escola de tempo libre, logo da apertura do oportuno expediente administrativo e audiencia ó interesado, de conformidade co previsto no artigo 2 deste regulamento.

Sección 2ª. Modalidades de enseñanza

Artigo 16. Modalidades de enseñanza

1. As modalidades de enseñanza serán:

- a) Cursos de primeiro nivel:
 - i. Monitor/a de actividades de tempo libre
- b) Cursos de segundo nivel:
 - i. Director/a de actividades de tempo libre
 - ii. Director/a de campos de traballo
- c) Cursos de perfeccionamento ou especialización de carácter monográfico, de duración variable, que se conducirán á expedición dun certificado ou diploma de asistencia, salvo que se corresponde cunha unidade competencial recoñecida.

Artigo 17. Curso de monitor/a de actividades de tempo libre

1. O curso de monitor/a de actividades de tempo libre ten por obxecto formar a persoas capaces de realizar actividades socio-culturais e recreativas, capacitándoas para:

- a) detectar as necesidades de intervención no tempo libre dun grupo reducido de persoas
- b) organizar, animar, dinamizar e avliar actividades de ocio infantil e xuvenil
- c) deseñar, dirixir e executar un taller
- d) localizar recursos para o desenvolvemento das actividades
- e) atender as medidas básicas de seguridade e prevención de riscos.
- f) Participar nun proxecto de animación xeral, responsabilizándose das tarefas específicas que lle son encomendadas.

2. O curso de monitor/a de actividades de tempo libre adaptarase no seu contido á cualificación profesional denominada “Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil” recollida no Real Decreto 567/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade; e o certificado de

profesionalidade “Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil ” establecido no Real Decreto 1697/2011, de 18 de novembro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

3. As capacidades, os criterios de avaliación, os contidos e a duración dos módulos e unidades formativas e dos módulos de prácticas do curso de monitor/a de actividades de tempo libre serán os establecidos no anexo I do Real Decreto 1537/2011, de 31 de outubro.

4. As prácticas responderán a un proxecto elaborado polo participante no curso, que será orientado na súa elaboración e desenvolvemento polo titor de prácticas da escola onde realizou o curso designado a tal fin, que deberá formar parte do cadro de profesores da escola. O proxecto conterá os elementos básicos de toda intervención educativa e planificación no tempo libre. Durante o seu desenvolvemento será necesaria a existencia dun responsable de prácticas designado pola entidade receptora onde se vaia realizar, que posúa o título de monitor de actividades de tempo libre ou unha experiencia acreditada en animación socio-cultural.

A fase de prácticas desenvolverase nun prazo máximo de 2 anos desde o remate da fase teórico-práctica.

As prácticas se realizarán no lugar libremente elixido pola persoa que vaia a realizalas, sempre e cando conte co visto e prace da escola, que poderase negar por motivos xustificados que fagan presumir que as prácticas non se levarán a cabo de xeito adecuado.

5. A escola deberá contratar unha póliza de responsabilidade civil que dea cobertura as persoas durante a realización das súas prácticas. Deberá cubrir os danos persoais ou materiais que poidan causar involuntariamente a terceiros, así como os danos persoais por accidentes que poidan sufrir as persoas en prácticas.

Artigo 18. Curso de director/a de actividades de tempo libre

1. O curso de director/a de actividades de tempo libre ten por obxecto formar a persoas capaces para a coordinación dun equipo de monitores e especialistas para a planificación, organización e xestión de actividades de animación socio-cultural e recreativas, capacitándoas para:

- a) Detectar as necesidades de intervención en grupos con características específicas
- b) Dirixir, executar e avaliar accións de animación
- c) Localizar e xerar recursos para o desenvolvemento da intervención programada
- d) Coordinar o equipo de monitores ou especialistas que colaboren no programa
- e) Participar nun equipo multidisciplinar que desenvolve unha actividade a gran escala.

2. O curso de monitor/a de actividades de tempo libre adaptarase no seu contido á cualificación profesional denominada “Dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil” recollida no Real Decreto 567/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade; e o certificado de profesionalidade “Dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil” establecido no Real Decreto 1697/2011, de 18 de novembro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

3. As capacidades, os criterios de avaliación, os contidos e a duración dos módulos e unidades formativas e dos módulos de prácticas do curso de director/a de actividades de tempo libre serán os establecidos no anexo I do Real Decreto 1697/2011, de 18 de novembro.

4. As prácticas responderán a un proxecto de dirección dun equipo de monitores nunha actividade xestionada polo director nas súas fases de infraestrutura, organización, execución e avaliación, dirixida a uns destinatarios concretos. Será elaborado polo participante e supervisado na súa elaboración e desenvolvemento polo titor de prácticas da escola onde realizou o curso designado a tal fin, e que deberá de formar parte do cadro de profesores da escola e posuí-lo título de director de actividades de tempo libre. Deberá conter os elementos básicos de toda intervención educativa e planificación no tempo libre. Así mesmo, durante o seu desenvolvemento será necesaria a existencia dun técnico responsable de prácticas designado pola entidade receptora onde se vaian realizar, que deberá posuír titulación universitaria ou título de director de actividades de aire libre.

A fase de prácticas deberá desenvolverse nun prazo máximo de 2 anos desde o remate da fase teórico-práctica.

As prácticas se realizarán no lugar libremente elixido pola persoa que vaia a realizalas, sempre e cando conte co visto e praxe da escola, que poderase negar por motivos xustificados que fagan presumir que as prácticas non se levarán a cabo de xeito adecuado.

5. A escola deberá contratar unha póliza de responsabilidade civil que dea cobertura as persoas durante a realización das súas prácticas. Deberá cubrir os danos persoais ou materiais que poidan causar involuntariamente a terceiros, así como os danos persoais por accidentes que poidan sufrir as persoas en prácticas.

Artigo 19. Curso de director/a de campos de traballo

1. Para matricularse é necesario estar en posesión do título de director de actividades de tempo libre e ter experiencia como director do equipo de animación de, polo menos, un campamento de 15 días.

2. O curso constará de dúas fases:

- a) Fase teórico-práctica: terá unha duración de 50 horas lectivas, que non poderán desenvolverse en menos de 5 días nin en xornadas de máis de 10 horas diarias.

Esta fase realizarase seguindo unha metodoloxía participativa que combine adecuadamente a teoría e maila práctica. Os contidos serán fixados no programa mínimo aprobado que se recolle no anexo IX deste decreto.

- b) Fase de prácticas: realizarase unha vez rematada a fase anterior. Constará dun mínimo de 14 días de actividade como director dun campo de traballo en prácticas.

As ditas prácticas responderán a un proxecto elaborado polo participante, que será orientado na súa elaboración e desenvolvemento polo titor de prácticas da escola onde realizou o curso designado a tal fin, e que deberá posuír o título de director de campos de traballo. Deberá conte-los elementos básicos de toda intervención educativa e planificación no tempo libre Así mesmo, durante o seu desenvolvemento será necesaria a existencia dun responsable de prácticas designado pola entidade receptora onde se vaian realizar, que deberá posuír o título de director de campos de traballo.

A fase de prácticas deberá desenvolverse nun prazo máximo de 2 anos desde o remate da fase anterior.

As prácticas se realizarán no lugar libremente elixido pola persoa que vaia a realizalas, sempre e cando conte co visto e prace da escola, que poderase negar por motivos xustificados que fagan presumir que as prácticas non se levarán a cabo de xeito adecuado.

3. A escola deberá contratar unha póliza de responsabilidade civil que dea cobertura as persoas durante a realización das súas prácticas. Deberá cubrir os danos persoais ou materiais que poidan causar involuntariamente a terceiros, así como os danos persoais por accidentes que poidan sufrir as persoas en prácticas

Artigo 20. Requisitos de acceso aos cursos de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre e de campos de traballo

1. Para o acceso ao curso de monitor/a de actividades ao aire libre será necesario estar en posesión de algúns dos seguintes títulos:

- a) Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou outro equivalente
- b) Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente

2. Para o acceso ao curso de director/a de actividades ao aire libre será necesario estar en posesión dos seguintes títulos:

- a) Título de monitor de actividades de tempo libre
- b) Título de ensinanza secundaria
- c) Acreditar unha experiencia de traballo como monitor no campo da educación/animación no tempo libre de, polo menos, 250 horas ou como integrante do equipo de animación en colonias ou campamentos por un total de 30 días, despois da obtención do título de monitor.

3. Para o acceso ao curso de director/a de campos de traballo será necesario:

- a) Estar en posesión do título de director de actividades de tempo libre
- b) Ter unha experiencia como director de equipo de animación de, a lo menos, un campamento de 15 días.

4. A idade mínima para o acceso aos cursos de tempo libre será de **16 anos**.

Artigo 21. Procedemento de avaliación.

1. As escolas de tempo libre abrirán un expediente persoal de cada alumno e expedirán unha acta de avaliación de cada un dos cursos conforme o modelo normalizado que se recolle no anexo X deste decreto, na que constarán os apelidos e nome, data de nacemento, enderezo e DNI dos alumnos participantes, e o resultado de cada unha das fases do curso.

2. A avaliación da fase teórico-práctica dos distintos cursos que se impartan nas escolas de tempo libre basearase nunha avaliación continua personalizada, que se efectuará ó longo do curso, e unha avaliación final escrita, de acordo coa ponderación que para cada un dos sistemas de avaliación estableza cada escola, que será de xeral aplicación a tódolos cursos que imparta. A referida ponderación deberá recollese nos estatutos de cada escola, dentro do epígrafe relativo ó sistema educativo que se utilizará e modalidades dos cursos que se impartirán.

Non obstante, ningunha escola poderá avaliar aqueles alumnos que non asistan como mínimo ó 80% das sesións da referida fase.

3. A avaliación da fase de prácticas dos distintos cursos que impartan as escolas de tempo libre efectuarase, unha vez desenvolvida a actividade proxectada, con base na memoria elaborada polo participante no curso, que recollerá o desenvolvemento da actividade, o informe do responsable de prácticas da entidade receptora e o informe do titor de prácticas.

No suposto de que a fase de prácticas se desenvolva nunha actividade organizada pola Dirección Xeral de Xuventude, o informe desta considerarase vinculante para os efectos da avaliación da referida fase.

4. Para a obtención do título necesitarase superar satisfactoriamente as dúas fases do curso.

Sección 3ª. Expedición de títulos

Artigo 22. Expedición de títulos acreditativos

1. O órgano directo competente en materia de Xuventude expedirá os títulos acreditativos correspondentes ás ensinanzas que impartan as escolas de tempo libre, de conformidade coas actas de avaliación de cada escola que imparta o curso, logo da solicitude desta, á que se achegará o documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

2. No prazo de 10 días, os servizos competentes do órgano directo competente en materia de Xuventude examinarán o expediente e, no suposto de que a documentación achegada conteña erros ou resulte insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, proceda á emenda das deficiencias, con indicación de que, se non o fixer, se considerará desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ditarse nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Unha vez completo o expediente, dentro do prazo de dous meses a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado procederá a resolver a solicitude mediante a expedición dos títulos correspondentes a aquel alumnado que superase satisfactoriamente o curso. De ditarse resolución en prazo e se esta for desestimatoria da expedición dos títulos, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da consellería competente en materia de xuventude.

4. En cada título farase constar o nome e apelidos, DNI, data de nacemento do interesado ou interesada, domicilio e escola onde realizou o curso.

Artigo 23. Titulacións válidas para a consideración de profesionais da educación no tempo libre

1. Terán a consideración de profesionais da educación no tempo libre na modalidade de monitor/a de actividades ao aire libre as persoas que estean en posesión dalgún dos títulos seguintes:

- a) Título de monitor/a de actividades de tempo libre
- b) Certificado profesional de dinamización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil
- c) Título do sistema educativo que inclúa de forma completa a cualificación profesional de dinamización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

2. Terán a consideración de profesionais da educación no tempo libre na modalidade de director/a de actividades ao aire libre as persoas que estean en posesión dalgún dos títulos seguintes:

- a) Título de director/a de actividades de tempo libre
- b) Certificado profesional de dirección e coordinación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- c) Título do sistema educativo que inclúa de forma completa a cualificación profesional de dirección e coordinación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

Artigo 24. Unidade de mercado

1. Os títulos expedidos polo órgano directivo competente en materia de Xuventude serán válidos para a acreditación dos correspondentes módulos e unidades de competencia dos correspondentes certificado de profesionalidade.

2. Os títulos expedidos polos órganos competentes doutras comunidades autónomas do Estado ou de calquera Estado membro da Unión Europea terán plena eficacia a todos os efectos na Comunidade Autónoma de Galicia, sen necesidade de proceder a súa homologación, de conformidade co establecido na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de unidade de mercado.

Artigo 25. Convalidación de estudos para lograr o título de director/a

1. As persoas que opten ao título de director/a poderán convalidar parte dos seus estudos, sempre que o soliciten e acrediten no momento de matricularse na escola onde fagan o curso, nos termos que se establecen nos apartados seguintes:

- a) Persoas que acrediten simultaneamente 2 anos de experiencia no sector da educación no tempo libre e unha titulación de grado, diplomatura ou licenciatura en educación infantil, en educación primaria, en educación social, en mestre de educación infantil, en mestre de educación primaria, en pedagogía e en psicoloxía ou un ciclo formativo de grado superior de educación infantil ou de integración social. Neste caso, so deberán cursar os módulos específicos do curso de director.
- b) Persoas que estean en posesión do título de monitor de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil regulado no Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, que refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. Neste caso, so deberán cursar os módulos específicos do curso de director.

CAPITULO III. DAS ACTIVIDADES XUVENÍS

Artigo 26. Definición de actividades xuvenís

1. Son actividades xuvenís as actuacións desenvolvidas por ou para a mocidade nos ámbitos da vida ao aire libre, da saúde, social, deportivo, económico, laboral, cultural e outros.

2. Estas actividades poderán ser promovidas por persoas físicas ou xurídicas, de natureza pública ou privada, en desenvolvemento dun programa de actividades de educación no tempo libre dirixido á xuventude.

Artigo 27. Actividades xuvenís de educación no tempo libre

1. Constitúen actividades xuvenís de educación no tempo libre as seguintes:

- a) As acampadas ou campamentos, definidas como as actividades nas que participen mais de nove mozos/as de ata 30 anos de idade, que teñan unha duración dun mínimo de 3 noites consecutivas e impliquen asentamentos humanos temporais nos que a pernoita se realice en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable.
- b) As marchas volantes ou rutas, definidas como as actividades itinerantes nas que, de acordo co contido do parágrafo anterior, a pernoita se realice en lugares diferentes.
- c) Os campos de traballo, definidos como as actividades que se desenvolvan de acordo cun programa de traballo de carácter social e de interese xeral, sen ánimo de lucro, e na que os seus participantes sexan voluntarios.

2. Quedan excluídas as seguintes actividades:

- a) As actividades que teñan un carácter familiar
- b) As actividades desenvolvidas por centros educativos, públicos ou privados, dentro do período escolar.
- c) As competicións ou prácticas deportivas que leven a cabo as correspondentes federacións deportivas ou clubs con deportistas federados.
- d) As actividades promovidas por centros residenciais de acollemento ou polos servizos sociais.

3. En todo caso, non se poderá acampar:

- a) En terreos situados en leitos secos, beiras dos ríos ou zonas susceptibles de ser inundadas, así como naquelas outras que por calquera causa resulten perigosas ou insalubres.
- b) Nun radio inferior a 150 metros dos lugares de captación de auga potable para o abastecemento de poboacións.
- c) A menos de 1 quilómetro dos campamentos públicos de turismo ou de núcleos urbanos, nin a menos de 10 metros das marxes de leitos fluviais nin a menos de 50 metros de estradas ou vías de ferrocarril.
- d) A menos de 500 metros de monumentos ou conxuntos histórico-artísticos legalmente declarados.
- e) Nas proximidades de industrias que teñan unha declaración de incidencia ambiental, e dos lugares de vertedura de augas residuais.
- f) En terreos polos que discorran liñas de alta tensión.
- g) Na zona de dominio público marítimo-terrestre, nas praias, e na zona de servidume de tránsito, entendendo por esta última a franxa de 6 metros medidos terra a dentro a partir do límite interior da ribeira do mar.
- h) En xeral, naqueles lugares que por esixencias do interese público estean afectados por prohibicións ou limitacións neste sentido ou por servidumes establecidas expresamente, mediante disposicións legais ou regulamentarias, salvo que se obteña a oportuna autorización dos organismos competentes

Artigo 28. Requisitos de persoal para o desenvolvemento das actividades xuvenís ao aire libre

1. As actividades xuvenís ao aire libre estarán dirixidas por persoal técnico que teña a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a de actividades ao aire libre, que será o responsable

da correcta celebración das actividades ao aire libre, debendo estar permanentemente presente durante a celebración das actividades.

2. No caso dos campos de traballo, as actividades xuvenís estarán dirixidas por persoal técnico coa titulación de Director/a de campos de traballo.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as actividades de ata 25 participantes poderán ser dirixidas por persoal técnico que teña a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de monitor/a de actividades ao aire libre, que será o responsable da correcta celebración das actividades ao aire libre, debendo estar permanentemente presente durante a celebración das actividades.

4. Non se aplicará a excepción prevista no parágrafo anterior no caso dos campos de traballo.

5. Ademais da persoa responsable da actividade, por cada 10 participantes ou fracción, no caso de ser inferior, se deberá contar cunha persoa a maiores. O equipo formado por estas persoas se denominará o equipo técnico dirixente, e deberá ostentar a seguinte titulación:

a) Polo menos o 50% deberá ter a condición de monitor/a de actividades de tempo libre, salvo o previsto na letra seguinte.

b) Nas actividades cuxa finalidade sexa cultural, docente ou deportiva que esixan un profesorado ou monitores/as especializados, polo menos o 25% do equipo deberá ter a condición de monitor/a de actividades de tempo libre.

6. No caso de que nos grupos existan participantes menores de 16 anos, o equipo dirixente estará formado por un mínimo de dúas persoas.

Artigo 29. Obrigas do responsable das actividades xuvenís ao aire libre

1. Constituirán obrigas directas e persoais do responsable da actividade:

a) Cumprir e facer cumprir as normas do presente capítulo.

- b) Velar para que as actividades se desenvolvan coas necesarias condicións sanitarias e de hixiene e coas medidas de seguridade suficientes que garantan a integridade física dos participantes.
- c) Comprobar que os menores de idade que desexen participar nas actividades ao aire libre conten coa autorización expresa e por escrito da persoa ou persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela.
- d) Velar polas condicións sanitarias e ambientais do lugar onde se desenvolve a actividade.
- e) Garantir que as persoas encargadas da manipulación dos alimentos e da elaboración das comidas actúen de acordo cos requisitos mínimos precisos co fin de evitar contaminacións alimenticias, e conten co certificado individual de acreditación, recollido no Decreto 290/2003, de 4 de xuño, que fixa as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e crea o rexistro das mesmas, ou co carné de manipulador de alimentos.
- f) Garantir o cumprimento do programa de actividade.
- g) Adoptar as medidas necesarias para evitar o deterioro das propiedades e instalacións, os riscos de incendio que poidan producirse ben sexa por acción ou omisión, impedir as accións que produzan verteduras ou desperdicios en zonas non idóneas, así como velar para que non se produzan alteracións no marco natural.
- h) Comunicarlle á xefatura territorial competente en materia de Xuventude da provincia onde se vaia desenvolver a actividade ou ao órgano directivo competente en materia de Xuventude, se aquela se desenvolve en varias provincias, calquera modificación producida respecto da declaración responsable.

- i) Facilitar a inspección da actividade, de acordo co previsto no presente título, ao persoal do órgano directivo competente en materia de Xuventude habilitado para a dita función.
- j) Ter á disposición da autoridade competente durante a actividade a documentación expresada na declaración responsable.

2. Destas obrigas serán subsidiariamente responsables as persoas físicas ou xurídicas que organicen ou promovan directamente a actividade.

Artigo 30. Requisitos para o inicio de actividades xuvenís

1. Con carácter previo ao desenvolvemento dunha actividade xuvenil, será necesaria a comunicación polo/a promotor/a da mesma, dunha declaración responsable do cumprimento das condicións establecidas neste regulamento para a actividade a realizar, de conformidade co establecido no artigo 2 deste regulamento.

2. Xunto coa declaración responsable deberase achegar a seguinte a seguinte documentación:

- a) Relación do cadro técnico responsable do desenvolvemento da actividade, onde conste:
 - i. Nome e apelidos, domicilio, DNI.
 - ii. Titulación de cada unha das persoas traballadoras, indicando as persoas responsables.
 - iii. Xustificación do cumprimento das ratios de persoal cualificado establecidas neste capítulo.
 - iv. Documentación acreditativa de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social e documentos de cotización.
- b) No suposto de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica, a acreditación de que a persoa que emite a declaración responsable é a súa representante legal.
- c) Relación dos participantes na que se faga constar o seu nome e apelidos, domicilio, DNI, idade e número de teléfono.

- d) Ficha de saúde de cada participante, onde consten os impedimentos físicos ou psíquicos, as enfermidades crónicas, a medicación ou réxime alimenticio a respectar, con indicación de horarios e cantidades, datos actualizados do estado de vacinación, alerxias e calquera outra cuestión relevante para o desenvolvemento da actividade.
- e) Autorización expresa por escrito do pai/nai/titor/a para participar na actividade, sempre que sexan menores de idade.
- f) Autorización por escrito do titular de dereitos de uso e aproveitamento, administrador ou representante legal suficientemente acreditado, do predio que se ocupa, sexa de propiedade pública ou privada.
- g) Se a actividade se desenvolvese nunha instalación de titularidade da Xunta de Galicia, deberase acreditar o abono en concepto de reserva do 15% do importe total, segundo os prezos establecidos.
- h) Copia do escrito dirixido á persoa titular da alcaldía do concello onde se sitúe o terreo onde se pretende desenvolver a actividade e comunicación da intención da realización desta e do lugar da pernoita. Na copia deberá figurar o rexistro de entrada.
- i) No caso de actividades cuxa programación prevexa a súa realización dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos, Rede Natura, áreas protexidas de interese internacional, reservas da biosfera ou espazos naturais de interese local, deberán posuír autorización do órgano competente da súa conservación ou xestión.
- j) Cando as actividades se desenvolvan na beira do mar, na zona comprendida nunha franxa de 100 metros medida terra dentro desde o límite interior da beiramar do mar, deberán ter solicitado un informe preceptivo ao órgano competente en materia de costas, que poderá establecer condicións adicionais para a mellor protección deste espazo.
- k) Autorización para facer lume de acampada, de acordo coa normativa vixente sobre medidas de prevención de incendios, sempre que estea previsto no programa de actividades.

- l) Tarxeta sanitaria do Sistema de Nacional de Saúde ou seguro médico que cubra a asistencia médico-sanitaria, de todos/as os participantes na actividade.
- m) Póliza dun seguro de responsabilidade civil, subscrita polo promotor/a da actividade, e o correspondente recibo de pagamento co fin de acreditar a súa vixencia.
- n) Documento acreditativo do pagamento da taxa correspondente
- o) Memoria da actividade onde conste:
 - i. Informe favorable das autoridades competentes en materia de sanidade referente ás condicións hixiénico-sanitarias do lugar e á potabilidade da auga para as actividades de máis de cincuenta participantes. No caso de que a auga que se vaia utilizar proceda da rede municipal de abastecemento correspondente ou sexa envasada, chegará con facer constar esta circunstancia.
 - ii. Asistencia médica prevista e especificación do centro de saúde ao que acudir en caso de necesidade
 - iii. Descrición das condicións técnicas da acampada ou campo de traballo
 - iv. Plano gráfico ou esbozo do lugar onde se vaia desenvolver a actividade e forma de acceso a el, coa indicación do municipio, parroquia e lugar, o máis detalladamente posible. No suposto de que o lugar de pernoita estea próximo á costa, deberá indicarse, en metros lineares, a distancia aproximada ao límite interior da beiramar. No caso de rutas ou marchas voantes, deberá indicarse, ademais, unha descrición do itinerario, zonas de acampada e días en que se efectuarán as pernoitas.
 - v. Fins ou obxectivos da actividade, así como as datas entre as cales se desenvolverá
 - vi. No caso de ser un campo de traballo, ademais haberá que indicar o programa de traballo, medios para a súa realización e horario de traballo.

3. O responsable da actividade deberá respectar o previsto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, prestando unha

especial atención os datos sensibles. A estes efectos, o responsable da actividade deberá acreditar o cumprimento destas obrigas segundo se estableza na normativa de aplicación.

4. A vixencia da declaración virá determinada pola duración da actividade declarada.

Artigo 31. Seguro de responsabilidade civil

1. As persoas responsables ou promotoras de actividades xuvenís deberán ter contratado e en permanente vixencia un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos de accidentes das persoas usuarias da actividade coas seguintes coberturas por cada usuario:

- a) Gastos de asistencia sanitaria, por un mínimo de 6.000 euros
- b) Defunción, un mínimo de 5.000 euros
- c) Invalidez permanente, un mínimo de 6.500 euros
- d) Indemnización por danos corporais, un mínimo de 5.000 euros
- e) Indemnización por danos materiais, un mínimo de 5.000 euros

Artigo 32. Normas de carácter sanitario

1. As actividades suxeitas a este decreto quedarán sometidas as seguintes normas de carácter sanitario:

- a) A auga de consumo deberá ser potable, adaptándose ós procedementos oportunos que garantan de forma permanente a dita potabilidade mentres dure a actividade.
- b) De non existir ningún sistema de recolla de excrementos, construíranse latrinas, que estarán situadas a máis de 100 metros de ríos, regatos, pozos ou fontes. Unha vez concluída a actividade taparanse con terra.
- c) O almacenamento do lixo realizarase en recipientes con tapa ou bolsas que se poidan pechar, e depositarase periodicamente en contedores de recolla de lixo.

- d) Todos os alimentos que se consuman deberán reunir as correspondentes garantías sanitarias.

Non se almacenarán alimentos conxuntamente con outros produtos que poidan ser fonte de contaminación ou intoxicación.

Nas zonas de almacenamento ningún alimento deberá estar en contacto co chan, debendo estar illado del cunha separación de 10 cm, como mínimo, así como protexidos dos insectos.

Os alimentos perecedoiros conservaranse en frigoríficos. De non dispoñerse de sistemas de frío, estes alimentos consumiranse no mesmo día da súa compra e o sobrante, de existir, desbotarase.

Nas acampadas en que participen 30 ou máis persoas, o responsable da cociña deberá estar en posesión do certificado correspondente ou carné de manipulador de alimentos.

- e) Evitarase a contaminación das augas, dispoñendo correctamente a evacuación das augas residuais procedentes do fregado de vaixela, lavado de roupa e aseo persoal, fóra dos leitos dos ríos, regatos ou torrentes.
- f) As zonas de baño en leitos naturais deberán ser coidadosamente elixidas, procurando o máximo afastamento de puntos de verteduras augas arriba, tanto urbanas como industriais, así como doutros puntos de contaminación, como vertedoiros, zonas de pastoreo, etc.; así mesmo, deberán estar afastadas das zonas de extracción de auga para o consumo.

Nos casos sinalados e por motivos xustificados, a autoridade sanitaria poderá desaconsella-lo baño en determinadas zonas, e incluso prohibilo.

- g) En toda actividade será necesario que exista unha caixa de urxencias de primeiros auxilios baixo a responsabilidade do responsable das actividades ou responsable sanitario.

As actividades ás que asistan máis de 50 participantes disporán dun responsable sanitario que deberá ser médico, ATS ou diplomado universitario en enfermería (DUE).

As funcións do responsable sanitario serán as seguintes:

- i. Velar polo perfecto estado dos alimentos e augas de consumo nos termos establecidos no presente artigo.
- ii. Vixilancia epidemiolóxica das enfermidades e dos accidentes que sufran os acampados, que quedarán reflectidos nunha ficha médica.
- iii. Coidar que as actividades se fagan conforme as normas sanitarias establecidas neste artigo e demais normativa de aplicación, de forma que non se poña en perigo a saúde das persoas, nin se estrague o medio.
- iv. Vixiar e responsabilizarse da obrigatoria caixa de primeiros auxilios, asegurándose de que os enfermos ou accidentados reciban asistencia prontamente e adoptando as medidas preventivas necesarias.
- v. Dispoñer da información suficiente respecto a horarios e puntos de asistencia médica da zona.

Nas actividades de menos de 50 persoas, as funcións do responsable sanitario serán asumidas polo responsable da actividade.

2. Ao acabar a actividade os participantes nela deberán deixar o lugar en perfectas condicións, limpándoo de residuos e enterrando os excrementos e augas residuais nas latrinas habilitadas se non se utilizou outro sistema de evacuación.

Deberán, así mismo, asegurarse de dejar completamente apagados todos os focos de ignición.

CAPÍTULO IV INSTALACIÓNS XUVENIS

Sección 1ª. Disposición Comúns

Artigo 33. Características e fins das instalacións xuvenís

1. O obxecto deste capítulo é regular as características e os requisitos mínimos que deberán cumprir os diferentes tipos de instalacións destinadas á mocidade para a realización de actividades de educación no tempo libre, situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As instalacións xuvenís poderán ser permanentes ou de temporada. Baixo a cualificación de permanentes inclúense todas aquelas que permanecen abertas ao público durante todo o ano.

3. Os fins das instalacións xuvenís son:

- a) Proporcionar aloxamento e manutención ós mozos que, individualmente ou en grupo, demanden os seus servicios.
- b) Fomentalo turismo infantil e xuvenil.
- c) Conseguir un clima de ambiente convivencial, facilitador de accións socio-culturais, que leve a un intercambio de experiencias compartidas.
- d) Facilitarlles ós mozos a práctica de actividades de carácter recreativo, cultural e educativo segundo as posibilidades de cada instalación.

4. As instalacións xuvenís deberán contar cunha programación anual de actividades que influan na mobilidade dos mozos e mozas galegos.

A tipoloxía da programación será educativa, cultural, deportiva, emprendemento, de coñecemento do medio natural ou calquera outra relacionada cos ámbitos da Xuventude.

As programacións anuais deberán comunicarse á Dirección Xeral competente en materia de xuventude un mes antes de comezar o ano corrente para a súa difusión.

5. As instalacións xuvenís galegas deberán de ser instalacións inmersas na contorna polo que ofrecerá servizos directos relacionados coa veciñanza do lugar.

6. No primeiro trimestre de cada ano, as instalacións xuvenís deberán remitir á Dirección Xeral competente en materia de xuventude unha memoria avaliativa de pernoitas, incidencias e cumprimento de programacións do ano anterior, segundo modelo facilitado e que serán compatibles cos modelos da REAJ.

Artigo 34. Distintivo identificativo

1. Todas as instalacións xuvenís, unha vez que se presente a declaración responsable e se inicie a súa actividade, deberán exhibir de forma visible no exterior do edificio e a carón da porta principal de acceso un distintivo identificativo.

2. O distintivo identificativo estará constituído por dúas placas e adecuarase ao modelo que se recolle para cada tipo de instalación xuvenil no **anexo IV** deste decreto. Na placa inferior os datos deberán figurar en caracteres de cor azul sobre fondo branca e na placa superior en caracteres de cor branco sobre fondo azul. As placas identificativas serán de metal ou outro material resistente e inalterable.

Sección 2ª Tipoloxía de instalacións xuvenís

Artigo 35. Albergues xuvenís

Son albergues xuvenís todas as instalacións fixas que, de xeito permanente ou temporal, estean destinadas a facilitar á xuventude aloxamento,

maioritariamente en habitacións de capacidade múltiple, como lugar de paso nos seus desprazamentos ou como marco dunha actividade de tempo libre.

Artigo 36. Campamentos xuvenís

Os campamentos xuvenís son instalacións ao aire libre dotadas duns equipamentos básicos fixos, nas que as pernoitas se realizan en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elementos facilmente transportable, e destinadas á realización de estancias con grupos de nenos/as e mozos/as para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre.

Artigo 37. Granxas escola ou aulas de natureza

As granxas escola ou aulas de natureza son instalacións que, cumprindo os requisitos esixidos para albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes y adecuados para o traballo didáctico no tempo libre en técnicas agrarias y gandeiras, ou no recoñecementos do medio natural e na educación ambiental.

Artigo 38. Residencias xuvenís

Son instalacións de carácter cultural e formativo postas ao servizo dos mozos e mozas que por razóns de estudo ou traballo se vexan obrigados a permanecer fora do seu domicilio familiar.

Artigo 39. Centros de xuventude integrados na Rede Galega de Centros de Xuventude

1. Son instalacións de titularidade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrecen á xuventude unha información transversal e integral, cuxa denominación será “Espazo Xove”.

2. As instalacións e servizos que ofrecen veñen regulados no artigo 8 deste regulamento.

Sección 3ª Requisitos das instalacións xuvenís

Subsección 1ª Requisitos comúns

Artigo 40. Persoal das instalacións xuvenís

1. Á fronte de cada instalación xuvenil existirá unha persoa que teña a condición de directora de actividades de tempo libre, segundo o definido neste regulamento.

2. As funcións do director serán:

- a) Cumprir e facer cumprir as normas de carácter legal que regulen o funcionamento da instalación, así como o regulamento de réxime interior.
- b) Velar polo bo funcionamento dos equipamentos e servizos da instalación.
- c) Facilitar, na medida das posibilidades de cada instalación, a realización de actividades de tempo libre.
- d) A administración da instalación e a xestión do persoal.
- e) Coidar que se cumpran os horarios establecidos.

Artigo 41. Condicións técnicas comúns para as instalacións xuvenís

1. As instalacións xuvenís estarán suxeitas ao cumprimento das condicións técnicas recollidas neste regulamento, sen prexuízo das que se poidan establecer pola normativa sectorial aplicable.

2. En todo caso, as instalacións xuvenís que así o precisen, deberán estar en posesión da correspondente licenza de primeira ocupación, así como ter realizado a pertinente comunicación previa de actividade.

3. A accesibilidade das instalacións xuvenís deberá respectar o establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, e a súa normativa

de desenvolvemento. En todo caso, as instalación deberán dispor dunha zona específica para as persoas con problemas de mobilidade en planta baixa.

4. As instalacións xuvenís que contén con planta baixa máis tres plantas, deberán instalar ascensor.

5. As instalacións xuvenís deberán estar convenientemente sinalizadas co fin de facilitar o acceso, polo que nos carteis indicadores deberán constar, cando menos, o tipo e nome da instalación xuvenil, o seu logotipo conforme aos modelos recollidos no **anexo IV** deste Decreto, e a distancia aproximada ata ela.

6. Os contedores de residuos das instalacións xuvenís, ata o momento da súa recollida, ubicaranse en dependencias destinadas exclusivamente a dito fin, debendo estar separados daquelas dependencias onde estean os alimentos e os aloxamentos.

Ademais, no caso de non dispor dun servizo público de recollida de lixo, a instalación xuvenil deberá articular, cando menos dous días á semana, os medios adecuados para o seu transporte ata os puntos de recollida máis próximos.

7. As instalacións xuvenís, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de edificación, instalarán extintores de eficacia como mínimo 21^a o 55B por cada 100m² construídos, que estarán visibles e accesibles.

8. Disporase dunha caixa de primeiros auxilios, que contará cos materiais suficientes para poder atender os casos ou accidentes máis frecuentes. Esta caixa de urxencias deberá estar convenientemente pechada para impedir o acceso dos nenos e/ou mozos ós medicamentos.

9. As instalacións xuvenís deberán dispor dun sistema de comunicación co exterior, ben sexa vía telefónica, radiocomunicación ou vía satélite.

10. As instalacións xuvenís deberán dispor de enerxía eléctrica garantida, con puntos de luz e tomas de corrente.

Artigo 42. Subministración de auga

1. As instalacións reguladas neste capítulo deberán asegurar unha subministración de auga potable, quente e fría, durante as 24 horas do día, non inferior a 100 litros por persoa e día.

2. Tódalas instalacións deberán estar dotadas de depósito de almacenamento de auga para o consumo humano con capacidade mínima para 36 horas de abastecemento, para o caso de que ocorra un corte na subministración ou se produza avaría no sistema de abastecemento. Os depósitos serán accesibles unicamente ó persoal de mantemento da instalación co obxecto de efectuar os labores de limpeza e de desinfección periódicos que sexan necesarios.

Nos depósitos de almacenamento deberá garantirse a constante circulación da auga e a súa correcta desinfección.

Co obxecto de comprobar que a auga está desinfectada e ten poder desinfectante deberá determinarse diariamente a cantidade de cloro residual libre presente na auga e anotarse nos impresos que facilitarán as xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de Sanidade.

No caso de que a subministración de auga non proveña dunha rede de abastecemento público, será necesario dispoñer dun sistema de desinfección con aparello de cloración automático que deberá estar en todo momento en perfectas condicións de funcionamento.

A cloración realizarase sempre á entrada no depósito, nunca á saída, co obxecto de garantir que o contacto da auga co desinfectante, antes do seu consumo, sexa como mínimo de 30 minutos.

Artigo 43. Seguro de responsabilidade civil

As persoas titulares das instalacións xuvenís deberán ter contratado e en permanente vixencia un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos das persoas usuarias da instalación por danos corporais, danos materiais e os prexuízos económicos causados que deriven do desenvolvemento da súa actividade. Para estes efectos deberán ter á disposición dos órganos competentes en materia de xuventude a póliza e o correspondente recibo de pagamento co fin de acreditar a súa vixencia.

Artigo 44. Rexistro de visitas e follas de reclamacións

1. Todas as instalacións xuvenís deberán contar cun rexistro de visitas, onde consten as persoas usuarias, así como, de ser o caso, os responsables dos grupos de mozos/as.

Este rexistro estará a disposición de calquera autoridade debidamente acreditada, e deberá conter:

- a) Cando sexan usuarios individuais ou familias, os datos persoais.
- b) Cando se trate dun grupo, os datos deste, número, relación nominal e documentos de identidade dos compoñentes e datos persoais dos seus responsables.
- c) As persoas ou grupos deberán de exhibir á chegada á instalación un documento identificativo que será fotocopiado e xuntado á folla de reserva por aquela.

2. Igualmente, as instalacións xuvenís deberán ter a disposición das persoas usuarias follas de reclamacións, que lle serán facilitadas de forma inmediata cando as soliciten e deberán exhibir ao público de xeito permanente un cartel anunciador da existencia de ditas follas de reclamación.

3. Todos os datos de carácter persoal que traten as instalacións xuvenís deberán cumprir co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos persoais e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 45. Distribución das instalacións xuvenís

1. Todas as instalacións xuvenís deberán dispor dos seguintes equipamentos:

- a) Comedor
- b) Instalación para quecer alimentos, salvo que a instalación teña un servizo de comedor permanente e aberto.
- c) Bloques de servizos sanitarios, dotados de inodoros, lavabos e duchas.
- d) Sala de actividades, destinada ás actividades propias dos usuarios da instalación.

2. Ademais, dependendo da instalación xuvenil, deberán ter:

- a) No caso dos campamentos xuvenís, enfermería.
- b) No caso dos albergues xuvenís, dormitorios e unha sala polivalente destinada ó descanso e convivencia dos alberguistas.
- c) No caso das residencias xuvenís, dormitorios, sala de estudos, biblioteca e unha sala polivalente destinada ó descanso e convivencia dos residentes

2. Todas estas dependencias estarán situadas en cuartos diferentes e non poderán ter usos polivalentes, excepto as salas destinadas a actividades.

3. Nos campamentos xuvenís o comedor, as salas destinadas a actividades e a enfermería poderán ser instalacións de tipo provisional. O comedor poderase usar como sala de actividades fora dos horarios das comidas.

4. No caso de instalacións que ofrecen servizos de pensión completa ou a posibilidade que os usuarios elaboren eles mesmos a comida, estas deberán dispoñer dunha cociña.

5. Os bloques sanitarios, os dormitorios, a enfermería, a sala de estudos e a biblioteca non poderán ser lugar de paso habitual cara a outras dependencias.

Artigo 46. Comedor

1. Todas as instalacións xuvenís deberán dispor dun espazo destinado a que as persoas usuarias almorcen, xanten e ceen.

2. Se a instalación dispón do servizo de comedor, este terá lugar dentro do horario sinalado pola persoa titular da dirección que, en todo caso, comprenderá un período mínimo de dúas horas e media para o xantar e a cea, e de tres horas para o almorzo.

3. Os establecementos que oferten servizo de comedor poderán prestalo contando con comedor no albergue, que terá una superficie mínima de 1,5 metros cadrados por praza e, en todo caso, un mínimo de 15 metros cadrados, ou se for o caso, a través dun servizo externo.

Cando o número de prazas da instalación sexa inferior a oito, poderá prestarse o servizo de comedor na sala de actividades.

4. No caso de instalacións xuvenís que oferten o servizo de comedor, as cociñas estarán dotadas dos elementos necesarios para a conservación e tratamento de alimentos, e deberá dispor dos elementos necesarios en proporción á capacidade máxima do aloxamento.

5. As cociñas disporán de ventilación ao exterior directa ou asistida e tamén de aparellos para a renovación do aire e a extracción de fumes.

Os chans e as paredes estarán revestidos de materiais non porosos e de fácil limpeza.

Artigo 47. Servizos sanitarios

1. As instalacións xuvenís reguladas neste capítulo disporán de bloques de servizos sanitarios que deberán manterse limpos e nas necesarias condicións hixiénicas. A estes efectos deberán estar visibles as follas de control no que conste a data da última vez que se limparon así como a persoa encargada de facelo.

2. Estes bloques sanitarios deberán ter unha ventilación suficiente, directa ou asistida, con renovación do aire. As paredes, chans e teitos estarán revestidos de materiais de fácil limpeza.

3. Os chans serán de material antiescorregadizo. Deberán contar como mínimo con:

- a) Un inodoro por cada 8 persoas ou fracción, con un polo menos por cada sexo.
- b) Un lavabo por cada 6 persoas ou fracción.
- c) Unha ducha por cada 8 persoas ou fracción, con biombos.

4. Os bloques sanitarios deberán ter un número adecuado de espellos e estantes ou perchas que permitan a disposición adecuada dos efectos persoais, e deberá haber tamén andeis para poder dispoñelos efectos persoais de xeito totalmente hixiénico.

5. En caso de que os bloques sanitarios dispoñan de duchas de tipo colectivo, existirá como mínimo unha para cada sexo, e en cada bloque sanitario haberá como mínimo unha ducha de tipo individual. Ademais existirá unha separación de chan a teito entre a zona dos inodoros e as duchas e pode existir comunicación entre ambas as zonas a través dunha porta con peche.

As portas de acceso aos bloques sanitarios estarán dotadas dun sistema que permita o peche por elas mesmas ou sistema que impida a visión ao seu interior.

Artigo 48. Sala de actividades

1. Toda instalación xuvenil disporá dunha ou máis dependencias destinadas ás actividades propias dos usuarios da instalación. O espazo destinado a esta finalidade terá unha superficie en metros, como mínimo, igual ó número de prazas para as que foi autorizada a instalación ou que consten na declaración responsable.

En calquera caso, non poderá ser inferior a 30 m².

2. Nesta superficie non se poderá computar a correspondente a aqueles cuartos destinados a garda-los efectos persoais de máis volume e o material de actividades, no caso de que existan.

3. Cando o espazo destinado a estas actividades estea comprendido en varias dependencias, cada unha destas deberá ter garantida a correspondente ventilación e a súa superficie non poderá ser inferior ós 16 m².

Artigo 49. Dormitorios

1. Os dormitorios non poderán estar, en ningún caso, situados en subterráneos.

2. Disporán de iluminación natural e de ventilación directa do exterior que garanta a perfecta renovación do aire mediante elementos aperturables.

A superficie mínima dos ocos de iluminación e ventilación será do 10% da superficie do dormitorio cun mínimo de 1,20 metros cadrados en cartos cunha profundidade máxima de 7,5 metros. No caso de cuartos cunha profundidade superior, a superficie dos ocos, será como mínimo de 1/6 da superficie do cuarto.

3. A distribución das camas e das liteiras de cada cuarto deberá permitir sempre a total apertura das portas e das fiestras.

4. As fiestras disporán de calquera sistema eficaz que garanta a escuridade do cuarto durante as horas de descanso.

5. Cada usuario disporá dun espazo individual para durmir e ordenar os seus efectos persoais.

6. No caso que a instalación dispoña dun cuarto específico para gardar os efectos persoais de máis volume, os dormitorios disporán igualmente dun

sistema complementario para deixar e gardar nel os elementos de uso máis frecuente.

7. Non poderá haber ningún dormitorio cunha superficie útil mínima inferior a 5 m². A cubicaxe por usuario non será inferior a 5 m³ e o mínimo espazo de chan por cama ou liteira será de 3 m² de superficie útil.

Enténdese por superficie útil dun cuarto a do espazo que corresponde a alturas non inferiores a 1,90 m.

8. A altura do teito dos dormitorios sobre o chan da superficie útil terá, como mínimo, un valor medio de 2,25 m, en edificios preexistentes, e de 2,50 m en edificios de nova construción; esta altura medirase desde o chan ata, se se dá o caso, a parte máis baixa das trabes.

9. Para alturas de dormitorios entre 2,25 m e 2,50 m unicamente se aceptará a colocación de camas. Para alturas iguais ou superiores a 2,50 m aceptaranse liteiras.

10. No caso de dormitorios con teitos inclinados ou situados en baixo cuberta, aceptarase a colocación de camas nas alturas comprendidas entre 1,90 m e 2,50 m, sempre que a altura media do dormitorio acade como mínimo os valores establecidos no punto 9 deste artigo e se cumpran as determinacións mínimas relativas á cubicaxe por usuario e á superficie por cama ou liteira.

11. En ningún caso se aceptarán liteiras de tres pisos. No caso de liteiras tomaranse as medidas oportunas para evitar accidentes por caídas desde os somieres superiores.

12. Os dormitorios non se poderán utilizar para almacenar o material do que dispón o grupo para a realización das súas actividades.

Artigo 50. Sala de actividades

1. Toda instalación xuvenil disporá dunha ou máis dependencias destinadas ás actividades propias dos usuarios da instalación. O espazo destinado a esta finalidade terá unha superficie en m, como mínimo, igual ó número de prazas para as que foi autorizada a instalación ou que consten na declaración responsable. En calquera caso, non poderá ser inferior a 30 m. Nesta superficie non se poderá computa-la correspondente a aqueles cuartos destinados a garda-los efectos persoais de máis volume e o material de actividades, no caso de que existan.

2. Cando o espazo destinado a estas actividades estea comprendido en varias dependencias, cada unha destas deberá ter garantida a correspondente ventilación e a súa superficie non poderá ser inferior ós 16 m.

Artigo 51. Instalacións para lavar e tender a roupa

1. As instalacións xuvenís deberán dispoñer das instalacións necesarias para poder lavar e tender a roupa, ou dispor de lavandería e máquinas de secado.

2. En caso de dispoñer de lavadoiros para o uso dos usuarios da instalación, estes deberán ser de tipo individual, facilmente desinfectables e en número non inferior a un para cada 20 usuarios.

3. En caso que a instalación dispoña de máquinas de lavar e secar a roupa, disporase, igualmente, dun lugar adecuado para colgar e secar as toallas de uso máis frecuente e a roupa de baño.

Artigo 52. Enfermería

1. Os campamentos xuvenís deberán dispor dunha enfermería. O número de camas da enfermería será de dúas por cada 50 prazas.

2. Cando a enfermería estea situada nunha instalación fixa, deberá dispoñer dun lavabo, dun evacuatorio e dunha ducha independentes do resto de

servicios hixiénicos da instalación xuvenil. Isto non será aplicable cando a enfermería estea situada nunha instalación non permanente.

3. En ningún caso, o número de prazas da enfermería se incluírá no total de prazas da instalación.

Artigo 53. Espazos complementarios

1. Todo campamento xuvenil disporá dun espazo de terreo proporcionado á súa capacidade e convenientemente delimitado, para a realización de actividades diversas ó aire libre, tales como xogos, veladas, deportes e similares.

2. Se a instalación xuvenil dispón de piscina, deberá cumprir-las condicións propias das piscinas de uso colectivo, excepto a obriga de dispor de vestiarios.

Subsección 2ª Requirimentos específicos

Artigo 54. Condicións técnicas específicas para albergues xuvenís

1. Ademais das condicións técnicas comúns, os albergues disporán dos seguintes equipamentos:

- a) Calefacción que garanta unha temperatura ambiental mínima de 19° C. Este último requisito non será esixible para aquelas instalacións de carácter temporal que non funcionen entre os meses de outubro e marzo, ámbolos dous inclusive.
- b) Unha cama ou liteira, dotada, como mínimo, de colchón coa súa correspondente lenzaría, almofada e un número suficiente de mantas ou edredón que deberán encontrarse en todo momento en perfectas condicións hixiénicas. As dimensións mínimas das camas ou liteiras será de 1,9 metros de longo por 0,8 metros de ancho. A distancia entre os laterais lonxitudinais das camas ou liteiras non poderá ser inferior a 0,75 metros.

- c) Unha zona de recepción das persoas usuarias, con atención telefónica. A estes efectos disporán dun número de teléfono de contacto, que non implique cargos adicionais ao custo de tarifa.
- d) Armarios ou compartimentos suficientes para a equipaxe de cada persoa usuaria, así como espazo para depositar o calzado.
- e) Limpeza semanal das instalacións.
- f) Servizo de acceso á internet via wifi en zonas comúns, salvo que tecnicamente non sexa posible.
- g) Unha sala polivalente destinada ó descanso e convivencia dos alberguistas. Esta sala estará dotada de mobiliario suficiente e adecuado para o seu fin, cunha superficie de 1 metro cadrado por praza, sendo como mínimo de 15 metros cadrados. Os albergues que non dispoñan de cociña para uso propio das persoas usuarias deberán contar na sala polivalente cun frigorífico, un microondas e un vertedoiro por cada 50 prazas ou fraccións.

Artigo 55. Condicións técnicas específicas para residencias xuvenís

1. Ademais das condicións técnicas comúns, as residencias xuvenís disporán dos seguintes equipamentos:

- a) Calefacción que garanta unha temperatura ambiental mínima de 19° C. Este último requisito non será esixible para aquelas instalacións de carácter temporal que non funcionen entre os meses de outubro e marzo, ámbolos dous inclusive.
- b) Unha cama ou liteira, dotada, como mínimo, de colchón coa súa correspondente lenzaría, almofada e un número suficiente de mantas ou edredón que deberán encontrarse en todo momento en perfectas condicións hixiénicas. As dimensións mínimas das camas ou liteiras será de 1,9 metros de longo por 0,8 metros de ancho. A distancia entre os laterais lonxitudinais das camas ou liteiras non poderá ser inferior a 0,75 metros.

- c) Unha zona de recepción das persoas usuarias, con atención telefónica de 24 horas, e atención presencial de 8 horas. A estes efectos disporán dun número de teléfono de contacto, que non implique cargos adicionais ao custo de tarifa.
- d) Unha mesa de estudio e unha cadeira por praza de dormitorio, así como de andeis que permitan a colocación dos libros.
- e) Armarios ou compartimentos suficientes para a equipaxe de cada persoa usuaria, así como espazo para depositar o calzado.
- f) Limpeza diaria das instalacións.
- g) Servizo de acceso á internet via wifi en zonas comúns, salvo que tecnicamente non sexa posible.
- h) Unha sala polivalente destinada ó descanso e convivencia dos residentes. Esta sala estará dotada de mobiliario suficiente e adecuado para o seu fin, cunha superficie de 1 metro cadrado por praza, sendo como mínimo de 15 metros cadrados. As residencias que non dispoñan de cociña para uso propio das persoas usuarias deberán contar na sala polivalente cun frigorífico, un microondas e un vertedoiro por cada 50 prazas ou fraccións.

Artigo 56. Condicións técnicas específicas para granxas escola e aulas da natureza

1. As granxas escola, sen prexuízo doutras normativas que lles poidan ser de aplicación, deberán garantir os seguintes aspectos:

- a) Unha suficiente separación entre o lugar destinado ás cadras dos animais e o lugar de residencia dos usuarios, co fin de evitar os olores excesivos e a proximidade de insectos.
- b) A suficiente limpeza e as condicións hixiénicas e sanitarias dos animais da granxa.
- c) O peche do recinto dos animais e das cuadras co fin de evitar que os usuarios poidan entrar de forma indiscriminada.

- d) O uso dun vestiario específico por parte dos usuarios e o persoal da instalación, a utilizar cando estean no recinto dos animais ou cuadra.
- e) A existencia de persoal técnico cualificado en número suficiente para o traballo con animais e o desenvolvemento das labores didácticas.
- f) Dispor dos recursos didácticos necesarios para a súa función.
- g) Calefacción que garanta unha temperatura ambiental mínima de 19º C. Este último requisito non será esixible para aquelas instalacións de carácter temporal que non funcionen entre os meses de outubro e marzo, ámbolos dous inclusive.
- h) Unha cama ou liteira, dotada, como mínimo, de colchón coa súa correspondente lenzaría, almofada e un número suficiente de mantas ou edredón que deberán encontrarse en todo momento en perfectas condicións hixiénicas. As dimensións mínimas das camas ou liteiras será de 1,9 metros de longo por 0,8 metros de ancho. A distancia entre os laterais lonxitudinais das camas ou liteiras non poderá ser inferior a 0,75 metros.
- i) Unha zona de recepción das persoas usuarias, con atención telefónica. A estes efectos disporán dun número de teléfono de contacto, que non implique cargos adicionais ao custo de tarifa.
- j) Armarios ou compartimentos suficientes para a equipaxe de cada persoa usuaria, así como espazo para depositar o calzado.
- k) Limpeza semanal das instalacións.
- l) Servizo de acceso á internet via wifi en zonas comúns, salvo que tecnicamente non sexa posible.

Sección 4ª Posta en servizo de instalacións xuvenís

Artigo 57. Inicio de actividade das instalacións xuvenís

1. A prestación de servizos nunha instalación xuvenil precisa da comunicación, con carácter previo ao inicio da actividade, dunha declaración responsable pola persoa, física ou xurídica, titular da instalación conforme cumpre cos requirimentos técnicos descritos nos artigos anteriores. A declaración responsable presentarase de conformidade co establecido no artigo 2 deste regulamento.

2. A efectos deste artigo entenderase por titular ao propietario, arrendatario ou titular dun dereito real que lle outorgue o uso lexítimo da instalación para os fins previstos nesta norma.

3. Xunto coa declaración responsable, o titular da instalación xuvenil deberá acompañar a mesma da seguinte documentación:

- a) Memoria descritiva das instalacións onde se especifique o período de funcionamento ao longo do ano, naqueles supostos de instalacións de carácter temporal, así como a indicación de que cumpre coa normativa de accesibilidade vixente.
- b) Licenza urbanística e licenza de primeira ocupación.
- c) Documentación que acredite que cumpre os requisitos sanitarios sobre a potabilidade da auga destinada a consumo humano, o estado sanitario xeral dos equipamentos, o sistema de evacuación de augas residuais, cando non sexa a través da rede municipal de sumidoiros, a eliminación de residuos, as condicións hixiénico-sanitarias dos servizos hixiénicos e o cumprimento da regulamentación aplicable sobre comedores colectivos.
- d) Boletín eléctrico entregado por un instalador autorizado e selado pola consellería competente en materia de economía e industria.
- e) Contrato de subministración ou certificación expedido polo órgano competente de adecuación da instalación de gas á normativa aplicable, no suposto de existir a devandita subministración.

- f) Documentación acreditativa da personalidade do promotor que emitiu a declaración responsable e, no suposto de persoas xurídicas, documentación que acredite que a persoa que asinou a declaración responsable é a súa representante legal.
- g) Documentación acreditativa da identidade e da titulación do director ou directora da instalación esixida por este decreto.
- h) Documento acreditativo do pagamento da taxa correspondente.

5. O titular dunha granxa escola, ademais da documentación xeral esixida no apartado anterior, deberá estar en posesión da documentación que acredite os seguintes extremos:

- a) O cumprimento dos requisitos da normativa sobre sanidade animal.
- b) A suficiente separación entre o lugar destinado ás cortes dos animais e o lugar de residencia dos usuarios e usuarias, co fin de evitar os cheiros excesivos e a proximidade dos insectos.
- c) A suficiente limpeza e as condicións hixiénico-sanitarias dos animais de granxa.
- d) O peche do recinto dos animais e das cortes, co fin de evitar que os usuarios e as usuarias poidan entrar nelas de forma indiscriminada.
- e) O uso de vestiario específico por parte das persoas usuarias e do persoal da instalación, para utilizar cando estean no recinto dos animais ou na corte.
- f) A existencia de persoal técnico cualificado en número suficiente para o traballo cos animais e para o desenvolvemento de actividades didácticas.
- g) No caso de que a instalación dispoña de salas ou recintos para a transformación dos produtos da granxa, deberán cumprir a normativa técnico-sanitaria que lle sexa de aplicación.

6. O titular dunha aula da natureza, ademais da documentación xeral esixida no apartado carto deste artigo, deberá estar en posesión da documentación que acredite os seguintes extremos:

- a) A existencia dun equipamento suficiente e adecuado.
- b) A disposición de recursos didácticos necesarios para exercer a súa función.

Artigo 58. Modificación substancial das instalacións xuvenís

1. A efectos deste regulamento, enténdese por modificación substancial dunha instalación xuvenil, aquela que poida afectar á estrutura, volume, distribución, número de prazas ou aos servizos que presta a instalación.

2. Toda modificación substancial require a comunicación dunha declaración responsable, que se presentará de acordo co establecido no artigo 2 deste regulamento.

3. Cando se produza unha modificación substancial, a persoa titular da instalación xuvenil, ademais de dispor da documentación recollida no artigo anterior, deberá presentar xunto coa declaración responsable, cando menos, a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da modificación que pretende realizar
- b) Proxecto técnico da obra, con planos a escala que reflectan o estado da instalación.
- c) Documento acreditativo do pago da taxa correspondente.

Artigo 59. Control e inspección das instalacións xuvenís

1. As xefaturas territoriais da consellería competente en materia de xuventude poderán visitar as instalacións xuvenís co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos e condicións técnicas recollidos neste regulamento.

2. Sen prexuízo do previsto no apartado anterior, o órgano de dirección competente en materia de xuventude, establecerá un plan de inspección de instalacións xuvenís, para comprobar de xeito aleatorio mediante unha mostra representativa o cumprimento da declaración responsable.

3. A estes efectos, os/as funcionarios/as habilitados para o exercicio da función inspectora terán as facultades previstas no artigo 62 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

4. De comprobar algunha irregularidade, se poderá derivar o inicio dun expediente sancionador de acordo co establecido na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Sección 5ª Dereitos e deberes das persoas usuarias de instalacións xuvenís

Artigo 60. Concepto de usuario de instalacións xuvenís

1. Poderán ser usuarios das instalacións reguladas neste título tódolos mozos de ata 30 anos, individualmente ou en grupo. Non obstante, os titulares das instalacións xuvenís reguladas neste título poderán limitar a idade para os usuarios da instalación ou para a participación en determinadas actividades ou servicios que promovan, dentro da marxe de idade establecida anteriormente.

2. As persoas cunha idade superior ós 30 anos poderán utilizar as instalacións reguladas neste título coas seguintes condicións:

- a) Os albergues xuvenís non integrados na REAJ (Rede Española de Albergues Juveniles) ou na Rede Galega de Albergues Xuvenís, campamentos xuvenís, granxas escola e aulas de natureza, cando vaian acompañando grupos de nenos ou mozos como pais, mestres, educadores ou monitores ou directores de tempo libre, sempre e cando participen conxuntamente en actividades educativas ou teñan tarefas organizativas ou de apoio.

- b) Os albergues xuvenís integrados na Rede Galega de Albergues xuvenís ou na REAJ, conforme as normas de funcionamento aplicables a tódolos albergues xuvenís integrados na rede correspondente.
3. Os grupos de mozos deberán designar de entre os seus compoñentes un responsable que teña a súa representación ante a dirección da instalación xuvenil.

Artigo 61. Dereitos dos usuarios

1. Os usuarios das instalacións xuvenís terán os seguintes dereitos:
- a) Acceso á información contida na documentación relacionada no artigo 64.
 - b) Un adecuado uso e desfrute de cantos equipamentos e dependencias posúan as instalacións xuvenís, así como recibir os servizos requiridos como contraprestación dos prezos satisfeitos.
 - c) Formular ante a dirección da instalación xuvenil cantas iniciativas, suxestións e reclamacións crean oportunas.
 - d) Ser respectados na súa liberdade, dignidade e integridade.

Artigo 62. Deberes dos usuarios

1. Serán deberes dos usuarios das instalacións xuvenís:
- a) Someterse e respecta-lo regulamento de réxime interior que regule o funcionamento de cada instalación xuvenil.
 - b) Aboar os prezos fixados na lista de prezos do ano en curso, conforme os servizos solicitados.
 - c) Coidar as instalacións, mobiliario, material e o contorno natural do lugar de emprazamento da instalación xuvenil.
 - d) Contribuír coa súa conducta a crear un clima de tolerancia e respecto mutuo entre tódolos usuarios.

Artigo 63. Restricións ao dereito de uso

Os titulares das instalacións xuvenís reguladas neste título poderán amoestar ou rescindir o contrato e expulsar das instalacións os individuos, familias ou grupos que incumpran o regulamento de réxime interior e as normas lóxicas de convivencia.

Artigo 64.Documentación á disposición dos usuarios

1. As instalacións xuvenís reguladas neste título deben ter á disposición dos usuarios da instalación e de calquera autoridade debidamente acreditada a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do inicio da actividade da instalación xuvenil e certificación acreditativa da súa inscrición no Rexistro de Instalacións Xuvenís expedida polo órgano correspondente.
- b) Certificado correspondente ó ano en curso de potabilidade da auga destinada a consumo, expedido pola delegación correspondente da Consellería competente en materia de sanidade, no caso de que a auga non proceda da rede de abastecemento público.
- c) Informe que acredite as correctas condicións hixiénico-sanitarias da instalación, emitido pola delegación provincial correspondente da Consellería competente en materia de sanidade.
- d) Lista de prezos do ano en curso, co detalle dos diversos conceptos e servizos ofertados, selada pola xefatura territorial da Consellería competente en materia de Xuventude.
- e) Regulamento de réxime interior, no que constarán tódolos aspectos relativos ao funcionamento da instalación non recollidos neste decreto, así como aqueloutros que afecten aos dereitos e deberes dos usuarios.
- f) Follas de reclamacións que lle serán facilitadas ao titular de cada instalación xuvenil pola xefatura territorial da Consellería competente en materia de Xuventude.
- g) Certificado de delitos de natureza sexual

Sección 6ª Rede de Albergues Xuvenís de Galicia (RAXG)

Artigo 65. Rede de Albergues Xuvenís de Galicia

1. A Rede de Albergues Xuvenís de Galicia estará constituída por todos os albergues xuvenís situados no territorio da Comunidade Autónoma galega de titularidade da Xunta de Galicia, e aqueloutros xestionados por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se queiran integrar voluntariamente nela e cumpran os requisitos establecidos no presente decreto.

2. A Rede de Albergues de Galicia terá como finalidades as seguintes:

- a) promover a mobilidade e o intercambio entre a xuventude galega, nacional e internacional.
- b) ofrecer aos mozos e mozas unha programación activa anual de carácter cultural, deportivo ou educativo que fará dos albergues centros dinámicos e activos.
- c) estar integrados no medio polo que ofrecerán actividades de calquera tipo nas localidades onde estean ubicados.

3. Os albergues integrados na RAXG deberán exhibir no exterior do mesmo, nun lugar visible para as persoas usuarias, o logotipo que figura no anexo **xx** deste regulamento.

4. Para favorecer a ocupación dos albergues xuvenís integrados na Rede de Albergues Xuvenís de Galicia, poderase crear centrais de reservas ao abeiro do artigo 82 da Lei 7/2011, de 27 outubro, de Turismo de Galicia.

Artigo 66. Declaración responsable da RAXG

1. A integración na RAXG se producirá de xeito automático para aqueles albergues que así o manifesten na declaración responsable que lle habilita para o inicio da actividade.

2. Os titulares das instalacións xuvenís que presten servizos como residencias xuvenís poderán, así mesmo, prestar servizos como albergues xuvenís de temporada.

3. O período de funcionamento da instalación como albergue xuvenil de temporada non poderá exceder 5 meses ao ano.

4. Unha vez presentada a declaración responsable de inicio de actividade, colocarse o oportuno distintivo identificativo conforme o disposto no artigo 34 deste decreto.

Artigo 67. Inscricións a organizacións interrexionais e internacionais

Para o recoñecemento e inscrición dun albergue de xuventude na International Youth Hostel Federation (IYHF), na Federación Europea de Albergues de Xuventude, ou en calquera outra organización interrexional ou internacional destas características, é requisito imprescindible que o albergue mencionado forme parte, previamente, da RAXG.

CAPITULO V. DOS CARNÉS DE SERVIZOS Á XUVENTUDE

Artigo 68. Carnés de servizos á xuventude

1. De conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, e para favorecer o acceso dos mozos e mozas a servizos de carácter cultural, deportivo, recreativo, de consumo, de transporte e outros de análoga natureza, existirá un carné que proporcionará determinados beneficios aos seus titulares sobre o prezo dos citados servizos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se denominará carné xove.

2. A consellería competente en materia de xuventude fomentará outros carnés destinados aos mozos e mozas, que se regularán pola súa normativa específica.

Artigo 69. Carné xove

1. O carné xove é unha tarxeta persoal e intransferible destinada á mocidade, que confire ao seu titular a posibilidade de adquirir e acceder en condicións especiais aos bens e servizos ofertados polas entidades colaboradoras.

2. O carné xove contará ademais cun seguro gratuito de asistencia en viaxe.

3. As prestacións se ofertarán con carácter xeral, e en igualdade de condicións a todos os titulares usuarios do carné xove.

4. O órgano directivo competente en materia de xuventude elaborará, anualmente, unha guía de servizos dispoñibles para os titulares do carné xove, para que estes poidan coñecer o contido preciso das prestacións.

5. En ningún caso o carné xove será un medio válido para a identificación dunha persoa, non podendo substituír ao documento nacional de identidade.

Artigo 70. Xestión

1. A consellería competente en materia de xuventude ostenta a titularidade para a xestión do carné xove, que poderá exercerse de forma directa, ou indirecta a través dunha entidade xestora.

2. As entidades colaboradoras son persoas, físicas ou xurídicas, de natureza pública ou privada, que mediante a subscrición dun documento de adhesión coa consellería competente en materia de Xuventude, cuxo modelo se aprobará mediante Orde, se comprometan a prestar os seus servizos de forma ventaxosa aos usuarios do carné xove no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. A estes efectos serán válidos os carnés xoves expedidos

por calquera Administración Pública Española e polos países adheridos ao Protocolo Internacional do «Carné Joven» de Lisboa, en virtude do principio de unidade de mercado.

3. As entidades colaboradoras do carné xove deberán mostrar en lugar visible o distintivo que lles identifique como tales e que se axustará ao deseño establecido pola consellería competente en materia de Xuventude, que lle será facilitado no momento da sinatura da adhesión.

4. O documento de adhesión deberá especificar con precisión os produtos ou servizos ofrecidos, a contía, o tipo e as condicións das vantaxes e o lugar onde se ofrecen.

5. A consellería competente en materia de xuventude levará un rexistro de todas as entidades colaboradores do carné xove, no que constarán as prestacións que ofertan.

Artigo 71. Expedición

1. Poderán solicitar o carné xove as mozas e mozos entre 12 e 30 anos, ambos os dous inclusive.

2. A vixencia do carné xove será de dous anos dende a data de expedición, salvo que se cumpran os 30 anos de idade.

3. A solicitude se presentará en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, debendo acompañar á mesa a seguinte documentación:

- a) Acreditativa da identidade e idade da persoa solicitante
- b) Xustificativa do pago da taxa correspondente
- c) Fotografía tamaño carné

4. A perda, extravío ou subtracción de calquera do carné xove supoñerá para o titular que desexe obtelo novamente o abono dos costes de expedición dun novo carné. En todo caso, deberá de comunicarse esta circunstancia para evitar o seu uso fraudulento.

5. O uso fraudulento do carné xove poderá determinar a perda das prestacións que lle son inherentes ao seu titular, previo expediente administrativo con audiencia da persoa interesada, sen prexuízo de calquera outras responsabilidades a que houbera lugar.

Disposición Transitoria Primeira. Condición de informador/a xuvenil e de técnico/a en xuventude

1. Terán a condición á condición de técnico ou técnica en xuventude, ademais das persoas que estean en posesión das acreditación sinaladas no artigo 12 deste regulamento, as persoas que na data de entrada en vigor deste regulamento acrediten unha experiencia laboral mínima de tres ou mais anos como responsable ou técnico dunha Oficina Local de Información Xuvenil ou espazo xove.

2. Terán a condición á condición de técnico ou técnica en xuventude, ademais das persoas que estean en posesión das acreditación sinaladas no artigo 12 deste regulamento as persoas que conten con algunha titulación, expedida polos órganos competentes en materia de Xuventude dalgunha Comunidade Autónoma, polo Instituto Nacional de Administración Pública, pola Escola Galega de Administración Pública ou a súa equivalente de outra Comunidade Autónoma, expedida con anterioridade a entrada en vigor deste regulamento dos seguintes cursos:

- a) Especialista en información xuvenil
- b) Experto en Xuventude

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

1. Quedan derogadas cantas normas regulamentarias preexistentes que resulten contrarias ao contido do presente regulamento e, en particular, as seguintes normas:

Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.

Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva

2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior Decreto 50/2000.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

O presente regulamento ditase ao abeiro do disposto na disposición derradeira primeira da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a XX de XXXXXX de 2017

Alberto Núñez Feijóo

Presidente